

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de abril de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro no acordo número 2/542, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 26 de decembro de 2024, polo que se outorgaba a licenza para a construción de nave na rúa Ramón María Aller Ulloa, parcelas B2 e B3 do P.E. as Gándaras (exp. 2023/Y001/000151).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación de patrocinio publicitario entre o Club Motopark Lugo e o Concello de Lugo con motivo da celebración no término municipal do campionato mundial de motocross 2025, exp. ref. 2025/C005/0000003.

Tamén se acorda a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de equipos de protección individual (EPIS) para as persoas traballadoras do recinto do cemiterio de san froilán e no mercado municipal e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000007.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación do programa de hortos educativos nos centros públicos de educación infantil e primaria e nas escolas infantís municipais do Concello de Lugo, exp. ref. 2025-C003-000007.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5628346509860007895.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2025

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación da prestación do servizo de mantemento integral de ascensores (lote 1) e portas automáticas ou motorizadas (lote 2) de titularidade municipal, exp. ref. 2024/C003/000032.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

3. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a resolución de alegacións no expediente de aprobación das autorizacións para a venda ambulante no mercado de Frigsa, ano 2025.

Acórdase a validación do gasto relativo á impartición de obradoiros para as asociacións veciñais: desenvolvemento de catro obradoiros de cosmética.

Fora da orde do día

- Procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de elaboración de comidas e bebidas no Artde Lucus 2025 prorrogables pra os anos 2026 e 2027, Exp. Ref. 2025-C13-000001.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.